

## PROMOVIDO POLO CPXG E AELG

### Montse Dopico, Carme Vidal, Alberto Ramos e Blanca-Ana Roig Rechou, candidatos ao Premio de Xornalismo Cultural

**06.04.2015** O fallo darase a coñecer na gala das letras, onde o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia recibirá o premio Institucións 2015 da Asociación de Escritores en Lingua Galega

SANTIAGO

Montse Dopico, Carme Vidal, Alberto Ramos e Blanca-Ana Roig Rechou son os catro candidatos que optan este ano ao premio de Xornalismo Cultural organizado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) e o Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Os colexiados poderán votar a un dos candidatos a través da intranet, abonda con introducir o nome de usuario e o contrasinal e escoller o candidato. As votacións poderán realizarse ata o mércores 6 de maio ás 19:00 horas.

O Premio de Xornalismo Cultural 2015 reconece o labor xornalístico que no eido cultural teñan desenvolvido os finalistas durante 2014.

#### **Gala das Letras**

O recuento dos votos recibidos polos colexiados/as e dos socios e socias da Aelg farase ante notario e o fallo darase a coñecer na Gala das Letras, que terá lugar o sábado 9 de maio no Círculo das Artes de Lugo.

Nesta gala, o CPXG recibirá tamén o Premio AELG 2015 'Institucións', compartido coa Asociación de Medios en Galego, pola defensa do uso do galego nos medios de comunicación nun momento de "especial dificultade" para este idioma.